

A NOVELA "30 GRAMOS", DE LEONEL MOURA, PREMIO DA EDICIÓN DE GALICIA 2010 AO MELLOR LIBRO TRADUCIDO

- A obra foi traducida do portugués ao galego polo crítico literario e profesor Ramón Nicolás
- "30 gramos" é unha novela/manifesto que reflexiona sobre o concepto de arte contemporánea.
- É a primeira obra de Leonel Moura (artista conceptual lisboeta) publicada en Galicia.

A novela *30 gramos*, do artista conceptual portugués Leonel Moura, e publicada en xullo por Alvarellos Editora, fíxose co Premio da Edición de Galicia 2010 na categoría de Mellor Tradución do Ano. A obra foi traducida do portugués ao galego polo crítico literario e profesor Ramón Nicolás.

Os Premios da Edición de Galicia, convocados pola Asociación Galega de Editores, entregáronse no Pazo de San Marcos, na sede a Deputación Provincial de Lugo, nunha cerimonia na que se deu cita todo o sector editorial e cultural de Galicia.

30 gramos tamén figuraba nominada como unha das mellores obras de ficción do ano, categoría na que quedou finalista.

Outros tres títulos publicados en 2010 por Alvarellos Editora foron finalistas nestes premios da Edición: *Parir a Liberdade*, de Elvira Fente; *Guía secreta da gastronomía de Galicia* de Martín Álvarez, e *O xornal na clase de Matemáticas* de Cecilia Alvarellos.

Estas son algunhas das críticas que, en Galicia, foi recibindo a obra de Moura nos últimos meses:

- "Prosa estraña. Mestura de xéneros. Para ler sen ningún tipo de prexuízo. A tradución, profesional e ausente de desasosegos léxicos". Xosé Carlos Caneiro, *La Voz de Galicia*
- "Facía tempo que non lía algo así. Non lles vai deixar indiferentes". J. M. Giráldez, *El Correo Gallego*
- "Libro excepcional, magnífico. Unha reflexión sobre o sentido da arte contemporánea". "Nordésia", *Diario de Ferrol*
- "Meritorio exercicio de reconstrución metonímica da extravagante socioloxía do mundo artístico". Anxo Tarrío, *Galicia Hoxe*

Alvarellos Editora lanza tamén estes días ao mercado español a edición en castelán de *30 gramos*, tamén traducida por Ramón Nicolás.



Reseña. Gianfranco andaba obsesionado polo contido das pequenas latas creadas por Piero Manzoni en 1961. Quería abrir unha delas para averiguar se eran realmente as feces do artista as que estaban dentro.

Este é o punto de partida dunha novela fascinante que, mesturando xéneros (realidade e ficción, novela negra, diario íntimo, ensaio...), percorre a arte máis subversiva e incomprendida do século XX.

Leonel Moura (Lisboa, 1948) é un artista conceptual especializado en intelixencia artificial e arte robótica. Entre as súas creacións figuran os RAP (*Robots Action Painter*) que se mostran desde 2006 en exposición permanente no Museo Americano de Historia Natural de Nova York. En 2009 foi nomeado “Embaixador europeo da creatividade e a innovación”. É tamén autor dos libros: *Formigas, Vagabundos e Anarquía* (2003), *Robotarium* (2007) e *Poesía robótica* (2009), entre outros. Este é o seu primeiro libro publicado en galego e en Galicia.



O tradutor. Ramón Nicolás Rodríguez (Vigo, 1966). Licenciado en Filoloxía galego-portuguesa (USC). Profesor de lingua e literatura galega nun centro de ensino público de secundaria en Vigo. Exerceu a docencia na Universidade de Vigo e é crítico literario desde comezos dos noventa no suplemento “Galicia literaria” do *Diario 16 de Galicia*. Colaborou en diversos medios escritos e audiovisuais e faíno na actualidade, con periodicidade semanal, nas páxinas do suplemento “Culturas” de *La Voz de Galicia*; logo de colaborar máis dunha década nas páxinas de información literaria do *Faro de Vigo*. Ademais, responsabilízase da sección “Breviario” da revista *Biblos. Club de lectores* e colaborou no programa “Libro aberto” da TVG, fóra de asinar as páxinas de información de libros galegos na revista *Qué leer*. Asemade é tradutor e ensaísta, e traballa desde hai anos na redacción de material pedagóxico para o ensino da lingua e literatura galegas. Dirixe, desde 1995, a colección Biblioteca das Letras Galegas de Edicións Xerais de Galicia e recibiu o premio á cooperación editorial no ano 2004 instituído por esta editorial, xunto con outros catro críticos, polo seu labor como crítico literario.



Traduciu ao galego, entre outros, os seguintes libros: *Unha odisea nórdica*, de Jack London, 1995; *Cairo branco*, de Jack London, 1997; *O fillo do acordeonista*, de Bernardo Atxaga, 2004; *Hércules e Crunia*, 2005; *A fin da terra*, de María Rosa Lojo, 2006; *Se eu fose moi delgado*, de Antonio Mota, 2006, e *Obabakoak*, de Bernardo Atxaga, 2007.

Ficha técnica

Título: 30 gramos

Páxinas: 98

PVP: 11 €

Medidas: 14x21 cm

Idioma: galego

Tradución do portugués: Ramón Nicolás

ISBN: 978-84-89323-41-4

Encadernación: rústica con lapelas

Colección: Libros do Sarela

Entrevista
verán/2010

**LEONEL MOURA:
“A ARTE É UNHA SUBVERSIÓN DO PENSAMENTO
DOMINANTE”**

- “A novela *30 gramos* é un manifesto”
- “A grande maioría das obras que se fan hoxe non teñen interese ningún”
- “Reducir a arte ao emocional é unha estupidez”

Entrevistamos ao artista conceptual e escritor lisboeta Leonel Moura trala aparición no mercado literario galego da súa peculiar novela *30 gramos* (Alvarelos Editora, 2010), traducida polo profesor e crítico Ramón Nicolás.

Pregunta: A mestura de xéneros caracteriza esta obra: entre ficción e non-ficción, con características da novela negra, diario íntimo, ensaio.... ¿Cómo definiría vostede a “30 gramos”?

Resposta: Os xéneros literarios estancos e ben definidos son cousa do pasado. Vivimos nunha época de forte impulso combinatorio. A mestura é máis creativa cá uniformidade. Pero isto, para min, non significa que escribir se resume nun xogo de palabras. O sentido é importante. A novela *30 gramos* é un manifesto.

P. Qué pretende coa obra?: ¿Abrir as mentes para que a xente recoñeza o feito artístico onde aparentemente non o hai? Ou, realmente –e a través dunha fonda carga irónica– cuestionar moita da arte contemporánea?

R. Son parte da historia da arte do meu tempo. A partir deste punto de vista, non podo deixar de ollar como a maior das ironías o que se fai e di en nome da chamada arte contemporánea. A grande maioría das obras que se fan hoxe non teñen interese ningún. E as que o teñen fanno embarulladas nun discurso de lexitimación que contraría aquilo que o artista realmente fixo. É o caso de Duchamp, ou de Pollock, por exemplo. É preciso ollar para a arte como aquilo que ela é realmente. Unha subversión do pensamento dominante.

P. Vostede dixo: “Arte e ciencia son dúas formas de coñecemento, cunha diferenza: a ciencia resolve problemas; a arte crea problemas”. Pode ser este o obxectivo final da súa obra?

R. A arte non se somete ao principio da obxectividade da ciencia. É unha forma de coñecemento radicalmente aleatorio. Nese aspecto está mais preto do mecanismo de evolución natural, tal como foi descrito por Darwin. O que significa que produce moito lixo, mas tamén, por veces, grandes saltos evolutivos. A “invención” da arte abstrata, por exemplo, é un marco fantástico.

P. Vostede é tamén autor da “Poesía robótica”. No “Manifesto da poesía robótica” di que “consideracións como Ser ou non Arte ou a ausencia do emocional son pura perda de tempo e un desvío do esencial”. Qué é o esencial en arte?

A arte é unha historia particular da evolución do coñecemento e da intelixencia humanas. O esencial é polo tanto evolucionar. Abrir novos horizontes, explorar ideas radicalmente orixinais. Crear novas combinacións de xenes, ou de “memes”, como lles chamou Richard Dawkins.

Reducir a arte ao emocional é unha estupidez.

P. Expresión artística e expresión escrita van xuntas na súa carreira. A literatura é para vostede un marco para reflexionar sobre a arte?

R. Gústame escribir. Sempre escribín moito. A escrita é unha técnica de visualización, igual que deseñar, a man ou hoxe no ordenador, con CAD ou 3D. Só que coa escrita podemos deseñar mais que obxectos. Podemos deseñar nubes de pensamentos.

P. “30 gramos” é a primeira obra súa que aparece publicada en Galicia e en galego, e nos próximos meses será traducida por esta editorial tamén ao castelán. Qué significa para vostede poder entrar con esta novela no mercado de Galicia e logo no español?

R. Cando se publica é para ser lido por moitas persoas. Hoxe vivimos no mundo e non nun determinado país. Esa debe ser a ambición mínima de quen fai algo creativo.

P. Por último, ¿tivo ou ten Leonel Moura algunha conexión con Galicia, personal ou profesional?

R. Teño amigos na Galicia. E memorias de viaxes. Non é pouco.

- Para contactar con **Leonel Moura**: leonel.moura@mail.telepac.pt +351 967610333
- Para contactar co tradutor, **Ramón Nicolás**: nicolasr@gmail.com, 670 73 43 84.

Área de Comunicación
Alvarellos Editora
correo@alvarellos.info
609 90 88 52

www.alvarellos.info